


Pitágoras

(Samos, 582-Crotona, 507 a.N.E.)



Filósofo e matemático grego, famoso sobre todo polo *Teorema de Pitágoras*, que en realidade pertence á Escola Pitagórica e non só a el. A súa escola afirmaba «*todo é número*», por iso se dedicou ao estudo e clasificación dos números.

Cando era moi novo viaxou a Mesopotamia e Exipto e tras regresar a Samos, fundou a súa Primeira Escola, durante a tiranía de Polícrates. Abandonou Samos para escapar da tiranía. Estableceuse en Crotona no 525 a.N.E.

A súa escola (rigorosamente esotérica) estaba aberta a homes e mulleres indistintamente, e a conduta discriminatoria estaba prohibida (excepto impartir coñecemento aos non iniciados). O seu estudantado pertencía a todas as razas, relixións e estratos económicos e sociais.

Despois de ser expulsados polos poboadores de Crotona, os pitagóricos exiliáronse en Tarento onde, xa con Theano á fronte, fundaron a Terceira Escola.